



Asociación de Nais e Pais do Alumnado
CARRASQUEIRA

/// **CARRASCROSS**

10 DE MAIO DO 2026

PARA ATLETAS DE 3 A 100
ANOS

**CONCELLO
DE VIGO**



CEIP DA
CARRASQUEIRA

**XÓVENES
ATLETAS**

AGRUPACIÓN DE ATLETISMO ESCOLAR



III CARRASCROSS LIGA DE CROSS ESCOLAR DO CONCELLO DE VIGO

A **ANPA** do **CEIP CARRASQUEIRA**, coa colaboración do **CEIP CARRASQUEIRA**, o **Concello de Vigo** e a **Agrupación Xóvenes Atletas**, organizará o **III CARRASCROSS**, que se celebrará o día **10 de Maio de 2026** a partir das 10:30 horas no propio centro escolar e transcorrerá polas rúas de Coruxo.

1.- Nas carreiras poderán participar todas as nenas e os nenos nados entre os anos 2023 e 2013, ambos inclusive. Estarán cubertos por un seguro de accidentes contratado por esta ANPA.

2.- O prazo para inscribirse é ata o 30 de abril de 2026 ás 23:59h a través da páxina <https://xovenesatletasvigo.org/>. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo.

3.- A ANPA do CARRASQUEIRA non se responsabiliza dos danos físicos e morais sufridos como consecuencia da participación nesta proba. Todas e todos os participantes no III CARRASCROSS aceptan sen reserva algunha todo o reflectido neste regulamento. Así mesmo, consinte a toma de imaxes, que pasarán a formar parte de páxina web WWW.CARRASANPA.COM e ás que se lles poderá dar uso para a promoción das actividades organizadas por esta ANPA.

4.- Os dorsais entregaranse no ximnasio do Colexio o día da carreira.

5.- Entregaranse trofeos e agasallos aos primeiros clasificados de cada categoría, excepto na categoría de “familias” que levarán un agasallo, en ambas categorías, feminina e masculina, e medallas a todos e todas as participantes, excepto familiares.

As e os atletas do CARRASQUEIRA que cheguen primeiros en cada unha das súas categorías recibirán un agasallo.

- As categorías en competición, orde de saída e distancias serán as seguintes (dependendo do número de participantes, poderán agruparse varias categorías nunha mesma carreira):

Percorridos:

| CATEGORÍA | ANO DE NACEMENTO | DISTANCIA | HORA DE SAÍDA |
|-------------------------------------|-----------------------------|-----------|---------------|
| SUB 14 INFANTIL MASCULINO | 2013-2014 | 1250m | 10:30 |
| SUB 14 INFANTIL FEMININO | 2013-2014 | 1250m | 10:45 |
| SUB 12 ALEVÍN | 2015-2016 | 1250m | 11:00 |
| SUB 12 ALEVINA | 2015-2016 | 1250m | 11:15 |
| PAIS-AVÓS-FAMILIARES CAT. MASCULINA | A PARTIR DE 2007 | 1250m | 11:25 |
| NAIS-AVOAS-FAMILIARES CAT. FEMININA | A PARTIR DE 2007 | 1250m | 11:35 |
| SUB 10 BENXAMÍN | 2017-2018 | 800m | 11:45 |
| SUB 10 BENXAMINA | 2017-2018 | 800m | 11:55 |
| SUB 8 PREBENXAMÍN | 2019-2020 | 500m | 12:05 |
| SUB 8 PREBENXAMINA | 2019-2020 | 500m | 12:15 |
| CARRASQUIÑOS | 2021 | 200m | 12:25 |
| CARRASQUIÑAS | 2021 | 200m | 12:35 |
| CORUXIÑOS | A PARTIR DE 2022 (INCLUÍDO) | 100m | 12:40 |
| CORUXIÑAS | A PARTIR DE 2022 (INCLUÍDO) | 100m | 12:50 |

CIRCUÍTO 2026

